



China no palmarés mundial

Description



China apostou polos Xogos como unha vía de reencontro cun mundo do que estivo illada durante séculos. Ese illamento foi unha das causas esenciais que a precipitou na decadencia e por iso nunca máis darí as costas ao exterior. Pero tamén o resto do mundo, que ignora profundamente as súas pautas culturais, debe esforzarse por comprender as moitas singularidades chinesas que habitan o seu universo sen deixarse levar polos maniqueísmos de quen, interesadamente, desprezan a riqueza dese pensamento chinés, diferente, que hoxe volve a irromper con forza, incluso da man dos que sempre o combateron. (Foto: Bandeiras de China e dos Xogos Olímpicos).

Todo en Pequín está preparado para acoller a celebración dos Xogos Olímpicos. Sorteadas con relativo éxito as críticas occidentais á pena ca groria- en materia de dereitos humanos, represión no Tibet, etc., que, por outra banda, serviron para mobilizar, esencialmente, ao conxunto das comunidades chinesas espaxadas por todo o mundo alentando un magma nacionalista que prende con forza en defensa da identidade do país e do seu dereito a elixir un camiño propio de desenvolvemento, a sociedade chinesa confía en superar a proba do evento olímpico para demostrar á comunidade internacional que está á altura das esixencias dos tempos modernos.

Poucos teñen dúbidas de que estes xogos sorprenderán polo seu nivel de organización e realización. Con eles, China (cuarta economía do mundo pero na posición 87 en materia de desenvolvemento humano) pretende significar o éxito do camiño percorrido nas últimas décadas para superar as máis duras condicións de atraso e sumarse, a marchas forzadas, a un mundo desenvolvido no que aspira a influir na conformación das propias regras de xogo.

Pero non todo serÃ¡ festa. Ao natural cansanzo e incomodo polas severas trabas a soportar, Ã³nese o pesar polo duro terremoto de Sichuan e os seus efectos, e tamÃ©n a preocupaciÃ³n por certas dificultades na evoluciÃ³n econÃ³mica e a persistencia de tensiÃ³ns sociais. Respecto Ãs primeiras, cÃ³mpre sinalar a importancia da inflaciÃ³n, na actualidade moi por riba do 4,8% que o goberno fixou para finais de ano, e que estÃ¡ a incidir, fundamentalmente, nos prezos da alimentaciÃ³n, que experimentaron subas espectaculares en rexistros bÃ¡sicos como a carne de porco. Respecto Ãs segundas, a multiplicaciÃ³n de incidentes (en Guizhou, Yunnan, Guangdong, Zhejiang) que presentan como denominador comÃ³n o recurso Ã violencia por parte de masas enfurecidas que desconfÃan da ecuanimidade das autoridades, deixando entrever as dificultades do rÃ³xime para que o discurso da â??harmonÃaâ?• cale socialmente cando as desigualdades e a corrupciÃ³n seguen campando Ãs sÃ³as anchas por toda a xeografÃa do paÃs.

A celebraciÃ³n dos Xogos coincide coa chegada do proceso chinÃ©s a certa madurez. Trinta anos despois de iniciada a polÃtica de reforma e apertura, no interno, a aposta por un novo modelo de desenvolvemento que acentÃ³e a importancia das novas tecnoloxÃas e da ciencia, do respecto ao ambiente, do aforro enerxÃ©tico, da creaciÃ³n dun mercado interno efectivo, de melloras sociais, etc., suxiren que aquel tempo da China como â??taller do mundoâ?• ten os dÃas contados. No externo, esa expresiÃ³n dun desenvolvemento de maior calidade, reflicte a disposiciÃ³n a asumir maiores responsabilidades globais, pero cun discurso que, en calquera caso, non parece disposto a secundar a cegas as propostas do mundo rico.

China apostou polos Xogos como unha vÃa de reencontro cun mundo do que estivo illada durante sÃculos. Ese illamento foi unha das causas esenciais que a precipitou na decadencia e por iso nunca mÃjis darÃ as costas ao exterior. Pero tamÃ©n o resto do mundo, que ignora profundamente as sÃ³as pautas culturais, debe esforzarse por comprender as moitas singularidades chinesas que habitan o seu universo sen deixarse levar polos maniqueÃsmos de quen, interesadamente, desprezan a riqueza dese pensamento chinÃ©s, diferente, que hoxe volve a irromper con forza, incluso da man dos que sempre o combateron. A reivindicaciÃ³n da Ã©tica e da moral como condiciÃ³n primordial para a xestiÃ³n polÃtica, reclamo que formula o presidente Hu Jintao, debe mÃjis Ã teorÃa de gobernar de Confucio que ao marxismo-leninismo que aÃnda formalmente inspira os estatutos do PCCh.

QuÃ©danlle aÃnda moitos valados por superar a esta China, pero todo indica que estarÃ no palmarÃ©s mundial. TamÃ©n das Olimpíadas.

Xulio RÃ³s ([Argenpress](#), 28/07/2008; [Xornal](#), 30/07/2008)

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

China e o mundo chinÃ©s ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Xullo 30, 2008

Meta Fields

Autoria : 3717

Datapublicacion : 20080730